

## XXXI PREMIO DE POESÍA "CIDADE DE OURENSE"

### BASES

- 1.º- Poderán participar todas as persoas que o desexen calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que as súas obras se presenten en galego ou portugués.
  - 2.º- Non poderán presentarse os/as gañadores/as das cinco edicións anteriores a esta convocatoria.
  - 2.º- Os traballos que se presenten terán que ser orixinais e inéditos, cun mínimo de SEISCENTOS VERSOS. Presentaranse mecanografados e a dobre espazo en follas tamaño folio, escritas por unha soa cara en exemplar sextuplicado, debidamente grampados, cosidos ou encadernados.
  - 3.º- Outorgarase un único premio dotado de **SEIS MIL EUROS**, e a publicación do libro.
  - 4.º- As obras deberán presentarse baixo lema, indicando "PARA O XXXI PREMIO DE POESÍA CIDADE DE OURENSE". Nun sobre anexo, pechado e co mesmo lema figurarán o nome, apelidos , n.º de carné de identidade e enderezo do autor ou autora, o seu teléfono e o enderezo electrónico.
  - 5.º- O Xurado cualificador será nomeado pola Concellaría de Cultura, estará integrado por personalidades das letras galegas e portuguesas, o gañador do ano anterior e un representante da Corporación. A súa decisión será inapelable e terá lugar ao redor do primeiro sábado do mes de xuño.
  - 6.º- A primeira edición da obra premiada será publicada polo Concello, e entregaráselle un número de exemplares ao autor. Este queda en propiedade da obra para sucesivas edicións.
  - 7.º- **O prazo improrrogable de presentación rematará ás 14 horas do 24 de abril de 2015.** A entrega farase no Rexistro do Excmo. Concello de Ourense (Praza Maior, s/n), directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre "PARA O XXXI CONCURSO DE POESÍA CIDADE DE OURENSE". Os concursantes portugueses poderán facer entrega dos seus traballos na Cámara Municipal de Vila Real (Portugal) dentro dos mesmos prazos.
  - 8.º- O premio poderá ser declarado deserto se, a xuízo do Xurado, os traballos presentados non reúnen suficientes méritos ou non se axustan ás condicións establecidas na convocatoria.
  - 9.º- Os traballos non premiados deberán ser retirados no prazo dun mes desde o día do veredicto. En caso de non se recolleren dentro deste prazo, os orixinais serán destruídos.
  - 10.º- O feito de participar neste Concurso implica a total aceptación e conformidade das presentes Bases. Todas as incidencias non previstas nestas Bases serán resoltas pola Concellaría de Cultura ou polo Xurado cando este quede constituído.
- Ourense, xaneiro 2015